

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 6/2015**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

## 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

## 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### 4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

## 6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.  
Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como minimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

## **7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

## **8.-NATUREZA DOS CONTRATOS**

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

## **9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS**

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

## **10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN**

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

## **11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES**

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación

<http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía  
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201- Fax 881 547 077  
Correo electrónico: [citiinfo@usc.es](mailto:citiinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2015  
Por delegación do Reitor  
(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)  
A Vicerreitora de Investigación e Innovación,

Isabel Rodríguez-Moldes Rey



## Anexo I

### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1790 ESCOLA CULTURAESCULCA.
Referencia da Actividade	2013-PG071
Centro de Traballo	Ciencias da Educación
Investigador Principal	Santos Rego, Miguel Anxo
Número de Prazas	1

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Prospectiva e deseño de publicacións, Avaliación de programas, Optimizar dinámicas de internacionalización
---------------------	--

### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	925 €
Previsión da duración*	3 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (20 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Pedagogía, Psicoloxía
Méritos	Dominio de paquetes estatísticos (SpSS e Amos), 50 puntos. ☐Publicacións científicas en revistas de impacto, 35 puntos.☐Expediente académico, colaboración en proxectos, aportacións a congresos, coñecementos de idiomas, 15 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Desarrollo inicial de nuevos derivados de curcumina con potencial aplicación en el tratamiento de enfermedades neurodegenerativas. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG020.00
Centro de Traballo	CIMUS
Investigador Principal	Viña Castelao, María Dolores
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Determinación de la actividad farmacológica de nuevos derivados de curcumina
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	630 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (20 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Farmacia
Méritos	Experiencia en cultivos neuronais, 40 puntos. Experiencia en determinación de actividade encimática utilizando técnicas de Elisa, fluorescencia..., 30 puntos. Experiencia en predición teórica de propiedades físico-químicas de novas moléculas, 10 puntos. Máster en I+D de Medicamentos, 10 puntos. Dominio do inglés, 10 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



#### PROXECTO

Título da Actividade	Desarrollo inicial de nuevos derivados de curcumina con potencial aplicación en el tratamiento de enfermedades neurodegenerativas. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG020.01
Centro de Traballo	Farmacia
Investigador Principal	Viña Castelao, María Dolores
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Síntesis y caracterización de nuevos derivados de curcumina
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	950 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (20 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Químicas Doutor/a en Farmacia
Méritos	Experiencia en síntese de heterociclos, 40 puntos. <input type="checkbox"/> Experiencia en caracterización estrutural, 30 puntos. <input type="checkbox"/> Experiencia en difusión de resultados, 10 puntos. <input type="checkbox"/> Estancias internacionais, 10 puntos. <input type="checkbox"/> Dirección de traballos de investigación, 10 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GPC GI-2133 Grupo de Imaxe Molecular In-vivo
Referencia da Actividade	2014-PG053
Centro de Traballo	Medicina e Odontoloxía
Investigador Principal	Ruibal Morell, Álvaro
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Imaxe multimodal (PET/RM e SPECT/RM), Cuantificación de heteroxeneidade tumoral mediante PET, Desenvolvemento de modelos matemáticos de interese en imaxe molecular, Avaliación de novos radiofármacos en imaxe preclínica (microPET e microSPECT)
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1300 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Expediente académico, 60 puntos. ☐Publicacions, 10 puntos.☐Entrevista personal, 30 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GPC GI-1209. ACUICULTURA E BIOTECNOLOXIA
Referencia da Actividade	2014-PG073
Centro de Traballo	CIBUS
Investigador Principal	Otero Casal, Ana María
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Evaluación de especies probióticas e novas dietas microalgales para o cultivo de larvas de moluscos
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1100 €
Previsión da duración*	3 meses e 1 día
Data de inicio prevista	A partires do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (20 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a- Grao en Ciencias do mar. Licenciado/a- Grao en Bioloxía
Méritos	Participación en proxectos e contratos de investigación relacionados con microalgas e/ ou cultivo de moluscos, 20 puntos. Experiencia demostrable en cultivo de moluscos (prácticas de empresa, tese de máster, etc). 10 puntos. Publicacións ou patentes relacionadas coa biotecnoloxía de microalgas ou cultivo de moluscos, 5 puntos. Dominio do Inglés (C1 ou superior), 10 puntos. Máster en Acuicultura Especialidad Biotecnoloxía en Acuicultura, 15 puntos. Entrevista persoal (só 5 mellores puntuacións nos apartados anteriores), 40 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.00
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de interface gráfica de usuario para a análise cuantitativa de imaxes microscópicas en biomedicina en C++ usando GTK
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática Licenciado/a - Grao en Física Licenciado/a - Grao en Matemáticas Licenciado/a - Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Superior en Informática Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Superior en Telecomunicacións
Méritos	Experiencia en desenvolvemento de aplicacións en C++ con GTK, 40 puntos. ☐Entrevista persoal, 30 puntos.☐Expediente académico, 30 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.01
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento dun backend para aplicación móbil Android
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática
Méritos	Experiencia en desenvolvemento de aplicacións para Android 5.0, 40 puntos. ☐ Entrevista persoal, 30 puntos.☐Deseño gráfico, 20 puntos. ☐Expediente académico, 10 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

**PROXECTO**

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.02
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

**OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO**

Traballo a realizar	Desenvolvemento dun demostrador: Xogos educativos e interactivos nun robot humanoide NAO
---------------------	--

**CONDICIÓNS DO CONTRATO**

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	1 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Enxeñeiro/a Técnico/a, Técnico/a superior de apoio á investigación

**REQUISITOS E MÉRITOS**

Titulacións	Enxeñeiro/a Técnico/a en Enxeñaría Informática
Méritos	Entrevista persoal, 35 puntos. ☐ Coñecementos relativos ao manexo de SimSpark, Coreographe e Webots, 30 puntos. ☐ Experiencia no manexo dun robot NAO u outro humanoide similar, 30 puntos. ☐ Deseño de interfaces gráficas, 5 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.03
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Sensorización dun robot humanoide NAO para o aprendizaxe por imitación e a interacción con obxectos a curta distancia
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	1 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñaría Informática
Méritos	Entrevista persoal, 40 puntos. ☑ Coñecementos relativos ao manexo de SimSpark, Coreographe, Webots, librerías ROS e OpenCV, 20 puntos. ☑ Experiencia no manexo dun robot NAO u outro humanoide similar, 20 puntos. ☑ Coñecementos no manexo de placas empotradas ARM (p.e. Odroid XU3), 20 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.04
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de algoritmos para a aprendizaxe de comportamentos multi-obxectivo nun robot humanoide NAO
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1714.29 €
Previsión da duración*	5 meses y 9 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Ciencia e Tecnoloxía Informática
Méritos	Entrevista persoal, 40 puntos. ☐ Coñecementos en técnicas de aprendizaxe en robótica, e en particular aprendizaxe por reforzo, 20 puntos. ☐ Coñecementos relativos o manexo de SimSpark, Coreographe e Webots, 20 puntos. ☐ Experiencia no manexo do robot NAO u outro humanoide semellante, 20 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes
Referencia da Actividade	2014-PG093.05
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Barro Ameneiro, Senén
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Estudo e modelaxe computacional dos marcos de argumentación lóxica e persuasiva. Validación experimental.
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1714.29 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Doutor/a, Investigador/a asociado/a

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Investigación en Tecnoloxías da Información
Méritos	Formación e Experiencia acreditada en modelos de razoamento aproximado e aplicacións, 40 puntos.☐Participación en proxectos de I+D+i relacionados coas funcións a desenvolver, 30 puntos.☐Entrevista persoal (aos candidatos que superen os 50 puntos nos dous primeiros apartados), 30 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-1350 Estudos medievais interdisciplinares
Referencia da Actividade	2014-PG134
Centro de Traballo	Xeografía e Historia
Investigador Principal	Brea López, María Mercedes
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Elaboración de fichas informativas relacionadas coas actividades da rede, preparación de contidos para a páxina web, e actualización da mesma, preparación de xustificantes de participación en actividades, colaboración na organización do congreso sobre Viaxeiros
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	600 €
Previsión da duración*	4 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (15 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico administrativo

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Filoloxía Clásica, Filoloxía Románica, Historia, Historia da Arte Licenciado/a ou Grao en Economía ou ADE
Méritos	Máster / DEA en Estudos Medievais, 30 puntos. Organización actividades relacionadas coa Idade Media, 20 puntos. Publicacións sobre Idade Media, 20 puntos. Participación en congresos, seminarios, cursos relacionados coa Idade Media, 20 puntos. Outras titulacións, premios ou bolsas non contemplados nos apartados anteriores, 10 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## Anexo II

### PROXECTO

Título da Actividade	Modelización, análise y simulación numérica de problemas termomecánicos acoplados y su aplicación a incendios de estructuras y detección de daños.
Referencia da Actividade	2011-PN133
Centro de Traballo	Matemáticas
Investigador Principal	Quintela Estévez, Peregrina
Número de Prazas	1

### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análise de modelos termomecánicos. Modelización e análise matemático do comportamento de medios porosos orientado a modelos de formigón, con vistas a analizar a evolución do seu comportamento termomecánico a altas temperaturas.
---------------------	---

### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC

### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Matemáticas.
Méritos	Expediente académico, 20 puntos. ☐ Master ou doutoramento en Matemática Industrial, en Enxeñería Matemática ou similares, 25 puntos. ☐ Experiencia en Transferencia de calor, Mecánica de sólidos, Análise matemática de EDPs e Resolución numérica de EDPs, 35 puntos. ☐ Entrevista Persoal aos tres mellores candidatos, 20 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

Título da Actividade	Robots de servicio que aprenden de ti y como tú
Referencia da Actividade	2012-PN141
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Iglesias Rodríguez, Roberto
Número de Prazas	1

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Recoñecemento de escenas aplicado a navegación de robots.
---------------------	---

## CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC

## REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Grado En Enxeñaría Informática
Méritos	Coñecemento de técnicas de visión por computador axeitadas para as actividades a realizar, 20 puntos. Coñecemento de robótica e manexo de robots, 20 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos. Publicacións, 10 puntos. Coñecemento de técnicas de recoñecemento de patróns, 10 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Estudio teórico y computacional de nanocristales, nanohilos, nanocintas y otros nanomateriales.
Referencia da Actividade	2012-PN149
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Gallego del Hoyo, Javier
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Instalación e posta en marcha de estacións de traballo, Administración e actualización de estacións de traballo, Instalación de software científico para utilizar en cálculos baseados na teoría do funcional da densidade
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	450 €
Previsión da duración*	3 meses y 1 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (15 horas semanais)
Categoría Laboral	FP II - Ciclo Superior, Axudante de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	FP II - Ciclo Superior en Administración de Sistemas
Méritos	Experiencia en administración de estacións de traballo (contorna Windows e Linux), 30 puntos. ☑Administración de Redes, 30 puntos. ☑Entrevista persoal, 40 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Proyecto LaserPET
Referencia da Actividade	2013-AD009.00
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Benlliure Anaya, José
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Revelado de cristales CR39 para la detección de protones y neutrones.
---------------------	---

#### CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1125 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	FP II - Ciclo Superior, Axudante de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	FP II - Ciclo Superior en Química Ambiental
Méritos	Formación complementaria en Química, 20 puntos. ☑Experiencia laboral en laboratorios de radiactividade, 30 puntos. ☑Coñecementos de Inglés, 5 puntos. ☑entrevista persoal só para aqueles candidato/as que superen unha puntuación do 40% no resto de méritos que se valoran, 45 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

#### PROXECTO

Título da Actividade	Proyecto LaserPET
Referencia da Actividade	2013-AD009.01
Centro de Traballo	Física
Investigador Principal	Benlliure Anaya, José
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Análisis e interpretación de datos obtenidos en estudos de reaccións nucleares.
---------------------	---

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Investigador/a en formación. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Física
Méritos	Coñecementos de Inglés, 5 puntos. ☐ Formación específica en física nuclear e de partículas, 20 puntos. ☐ Formación específica en instrumentación nuclear, 20 puntos. ☐ Expediente académico, 15 puntos. ☐ entrevista persoal só para aqueles candidato/as que superen unha puntuación do 40% no resto de méritos que se valoran, 40 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



#### PROXECTO

Título da Actividade	El continuo espaciotemporal de la biodiversidad: una nueva aproximación multi- jerárquica para discernir procesos neutrales y no neutrales.
Referencia da Actividade	2013-PN093
Centro de Traballo	Biología
Investigador Principal	Baselga Fraga, Andrés
Número de Prazas	1

#### OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Procesamento de mostras de coleópteros (Chrysomelidae) para análises de filoxenia molecular, bioxeografía e macroecoloxía
---------------------	--

#### CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	626 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (15 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

#### REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Biología
Méritos	Master en Biodiversidade, 20 puntos. ☐Traballos académicos en bioxeografía de colépteros, particularmente Chrysomelidae, 30 puntos. ☐Publicacións en bioxeografía de colépteros, particularmente Chrysomelidae, 50 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

## PROXECTO

Título da Actividade	Herramientas multiescala para la gestión post-incendio de ecosistemas forestales propensos al fuego en el contexto de cambio global.
Referencia da Actividade	2013-PN100
Centro de Traballo	Bioloxía
Investigador Principal	Reyes Ferreira, Otilia
Número de Prazas	1

## OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Localizar con gps de coordenadas para o establecemento de dispositivos fixos necesarios para as tarefas de mostraxe. Realizar mostraxes ecolóxicas de rexeneración en áreas queimadas con distinta recurrencia e intensidade. Determinar en laboratorio as características reprodutivas de especies invasoras e especies nativas. Monitorizar en
---------------------	--

## CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	600 €
Previsión da duración*	7 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial (15 horas semanais)
Categoría Laboral	Licenciado/a - Grao, Técnico/a superior de apoio á investigación

## REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Bioloxía ou Ciencias Ambientales
Méritos	Experiencia en mostreos ecolóxicos da estrutura de comunidades vexetales forestais, 15 puntos. ☑Experiencia en xerminación de sementes forestais, nativas e exóticas, en relación co lume ou con outros factores investigados polo grupo de investigación GEFUSC, 15 puntos. ☑Master nas titulacións de: "Energías renovables e sustentabilidade enerxética" ou "Medio ambiente e recursos naturais", 5 puntos. ☑Artículos, informes, comunicacións a congresos centrados na xerminación de especies forestais, 5 puntos. ☑ Experiencia en empresas ambientais, 5 puntos. ☑Coñecementos de GIS, estatísticos e inglés, 5 puntos. ☑Entrevista persoal aos 5 candidatos coa mellor puntuación, 50 puntos.

\*A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E  
INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía Servizo  
de Convocatorias e Recursos Humanos de  
I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201- Fax 881 547 077  
Correo electrónico:  
[cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

### ANEXO III

#### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 6/2015 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

##### Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

##### Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

##### Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:
Referencia Praza : Investigador Principal:
Centro:
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento
<b><u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u></b>

##### EXPÓN

--

##### SOLICITA

--

\_\_\_\_\_ , a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura,